

ACTIVIDADES

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

- 1 Relaciona cada palabra latina co termo patrimonial galego que se formou a partir dela.

Palabras latinas	Palabras patrimoniais
AURICULA •	• caldeiro
CALDARIU •	• artello
STRICTU •	• teito
TECTU •	• orella
ARTICULU •	• estreito

- 2 A continuación móstranse dúas palabras latinas acompañadas dos termos patrimoniais aos que deron lugar en galego. Pero esas palabras latinas tamén nos deixaron cultismos.

Escribe o cultismo correspondente a cada unha.

- CLAMARE > chamar • PLANU > chan

- 3 As palabras destacadas nas seguintes oracións son cultismos.

Substitúeas por unha expresión en que utilices un substantivo patrimonial da mesma familia, dos recollidos no cadro.

fillo - ollo - boca - leite

- Sufrín problemas bucais graves e tiven que ir ao dentista.
- As relacións filiais son, moitas veces, conflictivas.
- Someteuse a unha operación ocular moi delicada.
- É alérxica, polo que non pode consumir produtos lácteos.

► Escribe as palabras patrimoniais e os cultismos a carón do termo latino do que proveñen.

- BUCCA → _____
- FILIU → _____
- OCULU → _____
- LACTE → _____

- 4 Colócalles o acento gráfico ás palabras que o precisen.

- | | | |
|--------------|----------------|-------------|
| • lampada | • unipersoal | • esdruxula |
| • guion | • dixitalizar | • mecanica |
| • febreiro | • triceps | • fogon |
| • zume | • patinaxe | • maximo |
| • aldea | • ultima | • cadris |
| • instrucion | • prehistorico | • cauto |
| • reiseñor | • ourensan | • tendeiro |
| • fiel | • estatistica | • parchis |

- Clasifica as palabras anteriores en agudas, graves e esdrúxulas.

- 5 Acentúa correctamente o seguinte texto.

Os volcans son aberturas da codia terrestre a través das cales a rocha fundida do interior da Terra, chamada magma, sae expulsada á superficie en forma de lava.

Os volcans podense clasificar segundo a violencia e a frecuencia das erupcións. Así, os volcans que entran en erupción frecuentemente denominanse activos; os que o fan poucas veces, chamáanse inactivos; e os volcans que xa non entran en erupción consideranse extinguidos ou apagados.

A zona da Terra onde hai maior actividade volcánica sitúase arredor do océano Pacífico e recibe o nome de «Cinto de Lume».

- Clasifica as palabras acentuadas en agudas, graves e esdrúxulas.

- 6 Identifica o suxeito destas oracións e explica como fíxeches para recoñecelo.

- Acabáronse todos os nosos problemas.
- Caeron as follas do castiñeiro vello.
- Gústame moito o recendo da rosa.
- Soamente ela sabía a verdade.

- 7 Determina cales das seguintes oracións teñen un suxeito léxico.

- Adormecen axiña os teus fillos.
- Desde aquí oídes o ruído da rúa.
- Este inverno iremos esquiar a Manzaneda.
- Preocúpame a túa doenza.

► Indica que tipo de suxeito teñen as demais oracións.

- 8 Identifica as oracións impersonais.

- Haiche moita cola para entrar.
- Sarabiou toda a noite.
- Acabáronse chegar agasmas.
- Hoxe fálanse moito das novas tecnoloxías.
- Vai unha calor propia do verán.

► Escribe un suxeito léxico para as oracións que poidan levalo.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

1 Relaciona cada palabra latina do cadro co cultismo e o termo patrimonial correspondentes.

MATERIA	PLUVIA	SOLITARIU
RADIU	FILIU	STRICTU

- | | |
|------------|---------------|
| • raio | • materia |
| • fillo | • radio |
| • solteiro | • filial |
| • chuva | • estrito |
| • madeira | • pluviómetro |
| • estreito | • solitario |

► Explica cal é a diferenza entre unha palabra patrimonial e un cultismo. Ilustra a túa explicación cos exemplos anteriores.

2 Escribe a palabra galega que procede de cada un destes termos latinos.

- | | |
|----------|------------|
| • LINGUA | • ECCLESIA |
| • MORIRE | • FOLIA |
| • TITULU | • VOLARE |

3 Clasifica estas palabras no cadro de acordo co termo latino de que proceden.

- | | |
|-----------|-----------|
| • ópera | • caldo |
| • área | • cousa |
| • causa | • enteiro |
| • cálido | • obra |
| • íntegro | • eira |

étimo	patrimonial	cultismo
CALIDU		
OPERA		
INTEGRU		
AREA		
CAUSA		

► Explica as diferenzas de significado entre as palabras de cada parella que proceden do mesmo termo latino.

4 Acentúa graficamente as palabras que o precisen.

- | | | |
|---------|----------|---------|
| • sofa | • lapis | • gas |
| • esqui | • caixon | • tapiz |

- | | | |
|----------|----------|-----------|
| • mural | • maxia | • esteril |
| • tepedo | • mobil | • textil |
| • mercar | • comics | • album |
| • lider | • caliz | • triceps |

► Clasifica as palabras anteriores en agudas, graves e esdrúxulas.

5 Procura na sopa de letras catro palabras agudas, catro graves e catro esdrúxulas.

L	E	C	C	I	O	N	C	A	I	A	F
A	H	E	R	O	E	X	C	D	D	O	E
M	U	S	I	C	A	A	A	H	C	B	M
P	N	L	M	A	T	O	M	M	E	E	U
A	I	O	R	D	E	B	I	L	P	N	R
D	C	N	A	R	I	Z	C	D	U	U	A
A	O	R	N	O	O	R	O	T	N	I	P

► Copia as palabras que atopaches colocándolles o acento gráfico ás que o precisen.

6 Os suxeitos destas oracións intercambiáronse e non están no lugar axeitado.

Asocia cada suxeito co predicado correspondente e copia as oracións de forma correcta.

- Ti sorprendéronnos a todos.
- Vós felicitáronme polo meu aniversario.
- Os meus compañeiros xogades moi ben ao voleibol.
- Eles vasme axudar moito.

► Explica como identificaches o suxeito de cada oración.

7 Indica razoadamente se estas oracións teñen suxeito (léxico ou gramatical) ou se son impersonais.

- Este vestido fíxome miña nai.
- Ánxela e Clara son irmás.
- Aínda non veu.
- Vai moito frío.
- Hai pouca xente no supermercado.
- Dille a verdade.
- Miguel nacerá no mes de xuño.
- O ano pasado nevou máis ca este.
- Mañá irá bo tempo.
- Chove a mares.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

- 1** Le o seguinte fragmento dunha reportaxe e realiza a actividade que se propón.

En Cea, na provincia de Ourense, hai máis panadarías ca bares, nunha proporción aproximada de unha contra tres. Aquí non hai industrias, senón familias arredor de fornos. Venden pequenas producións que nunca superan as 200 bolas diarias, cada unha coa súa etiqueta de rexistro. O segredo deste pan? Resposta unánime: «o tempo».

Unha fornada da que non saen máis de corenta ou cincuenta bolas de pouco máis dun quilo, que se venden a uns dous euros a peza, require entre cinco e sete horas de elaboración, segundo a época do ano. «Aquí todo é artesanal –explica Rosa María, panadeira no Forno do Calviño– igual ca hai douscentos anos. Esa artesa que ve vostede aí ten cen anos».

E, claro, o que lles falta en Cea é tempo. Especialmente o día que viaxamos á localidade, en que a actividade dos fornos compracería ao mismísimo Lucifer: é San Roque, festa maior, e voan as empanadas, os asados... e o pan. Xunto a un dos dezasete que hai na aldea, suamos a gota gorda: «Non se poden abrir as ventás –explica o fillo da dona–, nin poñer un ventilador, porque iso afectaría á codia do pan e a bola non crecería despois no forno».

A axitación é notable. No verán, Cea é parada común mesmo para os que se desprazan cara ás praias de Pontevedra, que se deteñen a comprar unha ou dúas bolas que lles durarán non menos dunha semana. «Por aquí vén xente incluso de Cataluña, de Madrid, de Valencia e de Andalucía», conta Rosa María. «Como estamos na Ruta da Prata, moitos que paran como peregrinos volven logo como turistas a comprar o pan».

JORGE CASANOVA,
La Voz de Galicia (adaptación)

- Escribe un titular e unha entrada para a reportaxe que, ademais de anunciar o seu contido, resulten atractivos e esperten o interese dos lectores.

- 2** Fíxate nestas palabras galegas e nos seus étimos latinos de orixe. Despois, indica cales son cultismos e cales son palabras patrimoniais.

- | | |
|--------------------|----------------------|
| • clamor < CLAMORE | • chamar < CLAMARE |
| • pobo < POPULU | • popular < POPULARE |
| • lunar < LUNARE | • lúa < LUNA |

- 3** Copia o texto colocando os acentos gráficos que faltan.

Antes de pintar *O cuarto*, Van Gogh escribiu: «Teño unha idea na cabeza e aquí esta o bosquexo. Esta vez tratase sinxelamente do meu dormitorio, aquí só debe operar a cor e, dandolle un maior estilo as cousas pola súa simplificación, debe suxerir o acougo ou o sono en xeral. Nunha palabra, ao contemplar o cadro debe descansar o pensamento, ou mellor aínda, a imaxinación».

MANUEL RIVAS, *Toxos e flores* (adaptación)



- 4** Identifica o suxeito destas oracións e explica cal é a súa estrutura (núcleo, determinante, complementos).

- Este ordenador novo xa dá problemas.
- Ningún veciño agardaba unha noticia así.
- Gústanme moito os contos de medo.
- Isto évos cousa do demo!
- Esta mañá ocorreron algunhas cousas raras.

- 5** Indica cales das seguintes oracións son impersonais.

- Hoxe ventou toda a tarde.
 - Fomos ver a nova película ao cine.
 - Construíuse un edificio novo no barrio.
 - Dixo que non podía vir con nós.
 - Hai macarróns para xantar.
 - No inverno non nevou ningún día.
- Analiza os suxeitos das oracións non impersonais.

- 6** Explica o fenómeno da elipse neste texto e indica como se chama o suxeito omitido.

Xacobe escribime unha mensaxe electrónica. Di que chega mañá. Deume saúdos para vós.

- Agora volve escribir este texto empregando a elipse.

Eu chámome Ánxela e eu teño trece anos. Pero eu prefiro que me chamedes Xela.

TRABALLO A LINGUA A TRAVÉS DUN TEXTO

Nome: Curso: Data: **Discurso para a defensa**

Este é o relato dos cinco anos que a miña familia e mais eu pasamos na illa grega de Corfú. Nun principio estaba previsto que fose unha descrición lixeiramente nostálica da historia natural da illa, pero cometín o grave erro de presentar a miña familia nas primeiras páxinas do libro. Unha vez plasmados sobre o papel, procederon a poñerse cómodos e mesmo invitaron uns amigos a compartir os capítulos. Con enorme dificultade e amosando unha astucia considerable, apañeime para reservar aquí e alí algunha páxina que poder dedicarlles exclusivamente aos animais.

Nas seguintes páxinas, intentei compoñer un retrato da miña familia preciso e axustado á realidade; aparecen tal como eu os vía. Porén, para explicar algúns dos seus trazos máis curiosos, considero indispensable aclarar que, durante o tempo que estivemos en Corfú, todos eramos bastante novos: Larry, o maior, tiña vinte e tres anos; Leslie, dezanove; Margo, dezaioito, e eu era o pequecho, e encontrábame na tenra e impresionable idade dos dez anos. En canto a miña nai, nunca estivemos moi seguros da súa idade, pola simple razón de que non é quen de lembrar a súa data de nacemento; todo o que podó dicir é que era maior dabondo para ter catro fillos. Miña nai tamén insiste en que especifique que é viúva, pois, segundo a súa sagaz observación, nunca se sabe o que pode pensar a xente.

Para lograr condensar cinco anos de incidentes, observacións e vivencias pracenteirias en algo un pouco menos extenso cá *Enciclopedia Británica*, vinme obrigado a comprimir, podar e enxertar, de xeito que apenas se conserva algo da continuidade orixinal dos feitos.



Tamén me vin obrigado a obviar moitos sucesos e personaxes que me gustaría describir.

[...] gustárame deixar claro que todas as anécdotas sobre a illa e os seus habitantes son absolutamente verídicas. Vivir en Corfú era coma vivir nunha das óperas cómicas máis extravagantes e disparatadas. Penso que toda a atmosfera e o encanto do lugar quedaron perfectamente resumidos nun mapa do almirantado que tiñamos, o cal mostraba con gran detalle a illa e as costas adxacentes. Ao pé, había un breve inciso que dicía:

ATENCIÓN: As boias que sinalan os baixíos adoitan estar fóra do sitio. Advírtese aos mariñeiros que non baixen a garda cando naveguen por estas costas.

GERALD DURRELL,

A miña familia e outros animais (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1** O texto anterior é un fragmento dunha novela. Indica a que parte da novela pertence (inicio, nó ou desenlace) e xustifica a resposta a partir do texto.
- 2** Responde.
 - Que tipo de narrador relata os feitos e cal é o seu papel na historia?
 - En que espazo se desenvolve a acción?
 - Que personaxes interveñen? Cal será o protagonista?
- 3** Identifica varios fragmentos do texto en que o discurso do narrador mostra un certo ton humorístico.
- 4** Explica por que levan ou non acento gráfico estas palabras do texto.

• nostálica	• astucia	• obviar
• observación	• mariñeiros	• Enciclopedia
- 5** Indica se estas oracións teñen suxeito (léxico ou gramatical) ou se son impersoais.
 - Cometín o erro de presentar a miña familia nas primeiras páxinas do libro.
 - Ao pé, había un breve inciso.
 - As boias adoitan estar fóra do sitio.

COMUNICACIÓN**1** Le o seguinte fragmento dunha reportaxe e responde. (1,25)**Once milenios de cambio ambiental en Galicia**

Hai 6000 anos, os habitantes de Campo Lameiro (Pontevedra) xa empregaban o lume para transformar o seu contorno e adaptalo á gandaría. Hoxe, os segredos que agocha o seu solo están a ser investigados para reconstruír a historia ambiental de Galicia

Aínda que adoitamos crer que a contaminación humana é froito da modernidade, a realidade é que as persoas xa contaminaban e transformaban o seu contorno hai milleiros de anos. É importante, xa que logo, desmitificar a idea dos nosos devanceiros como seres en harmonía cunha natureza idílica xa que, por exemplo, os incendios provocados nos bosques tampouco son exclusivos do presente.

Investigacións levadas a cabo na Universidade de Santiago de Compostela revelaron que, polo menos desde o ano 4000 a. C., os humanos empregaron lume para despexar os bosques e aproveitar o terreo para actividades gandeiras. Por suposto, estas transformacións non tiñan o impacto contaminante das fábricas e medios de transporte actuais, que están a potenciar un cambio climático ao aumentar a temperatura do planeta. Pero os estudos levados a cabo en Campo Lameiro desvelan que a deforestación tivo un impacto máis importante do que os científicos pensaban.

Os científicos son capaces de reconstruír parte da historia dun lugar investigando o que agocha o seu solo. O chan vaise formando a través da acumulación de diferentes capas ao longo dos anos, gardando información lista para ser descifrada cos métodos axeitados, como a análise dos carbóns que deixaron tras de si os incendios.

DANIEL VIÑA TELLO, www.gciencia.com (adaptación)

- Como puideron saber os científicos que os habitantes de Campo Lameiro utilizaron o lume para despexar os bosques?

.....

- Con que obxectivo modificaban o seu contorno aqueles homes?

.....

- ▶ Indica se esta afirmación é verdadeira (V) ou falsa (F) e copia o fragmento que che permitiu sabelo.

- As transformacións que os nosos devanceiros facían no contorno eran tan contaminantes como a actividade das fábricas e dos medios de transporte actuais.

.....

.....

2 Marca o tipo de revista en que se podería publicar unha reportaxe coma a anterior. (1)

De turismo.

De historia e ciencia.

De natureza.

VOCABULARIO**3** Explica brevemente a diferenza entre as palabras patrimoniais e as palabras cultas. (1,5)

.....

.....

► Agora repara nestas palabras do texto e nos termos latinos de que proceden. Indica se son palabras patrimoniais ou cultas.

LUMINE (latín) > lume

CREDERE (latín) > crer

SECRETU (latín) > segredo

.....

ORTOGRAFÍA

4 Explica por que levan ou non acento gráfico as seguintes palabras do texto. (1)

- idílica →
- desmitificar →
- carbóns →
- actuais →

GRAMÁTICA

5 Subliña os suxeitos destas oracións. (1,5)

- Os estudos realizados en Campo Lameiro reveláronlles aos científicos informacións sorprendentes.
- A información do solo está lista para ser descifrada polos estudosos cos métodos axeitados.
- No solo acumúlanse distintas capas ao longo dos anos.

6 Marca a oración que ten un suxeito gramatical. (1)

- O cambio ambiental iniciouse hai centos de anos.
- Descubriron restos de carbón no solo de Campo Lameiro.

LINGUA E SOCIEDADE

7 Determina se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). (1,75)

- Todas as linguas que se falan na península ibérica son románicas, a excepción do catalán.
- A convivencia de varias linguas dentro dunha mesma sociedade coñécese como monolingüismo.
- Se unha lingua ten menos falantes ca outra coa que convive, denomínase lingua minorizada.
- No Estado español conviven varias linguas, pero non todas gozan de recoñecemento oficial.

► Reescribe as afirmacións falsas da actividade anterior converténdooas en verdadeiras.

.....

LITERATURA

8 Explica brevemente que é unha novela e en cal dos tres grandes xéneros literarios se encadra. (1)

.....

COMUNICACIÓN**1** Le o seguinte fragmento dunha reportaxe e responde. (1)**Drons para provocar chuvia en épocas de seca**

A aeronave experimental Savant 'sementa' os ceos usando partículas de ioduro de prata. Mentres, voces contrarias a estas prácticas alertan de posibles riscos na zona debido á concentración de produtos químicos

No deserto de Nevada, nos EUA, un equipo de investigadores leva a cabo as primeiras probas experimentais de aeronaves non tripuladas que voan cunha particular misión: depositar nas nubes distintos elementos para provocar a chuvia ou para evitala, segundo se requira en cada momento e lugar.

Neste caso, a institución Desert Research Institute (DRI), dedicada ao estudo medioambiental, explora o uso dos drons para provocar a chuvia, co fin de intervir durante as secas que afectan ao estado de Nevada. Trátase, en definitiva, de resolver o problema que supón a falta de auga na rexión.

A aeronave utilizada mide algo máis de tres metros de envergadura, pesa 25 quilogramos e foi bautizada como Savant (Sandoval Silver State Seeder) en honor do gobernador de Nevada Brian Sandoval, impulsor da industria de drons naquel estado.

O Savant voa de forma autónoma cara ás zonas con nubes que non chegan a descargar auga. Unha vez alcanzadas, acende dúas bengalas cargadas con ioduro de prata para que as moléculas de auga da nube cristalicen e se precipiten ao chan. Idealmente, a auga caerá en forma de chuvia, aínda que, dependendo do clima, pode precipitarse en forma de neve ou de sarabia. Esta última é a forma menos desexada, debido aos danos que pode causar en bens e cultivos.

Con todo, as probas levadas a cabo por DRI non están libres de polémica. [...]

NACHO PALOU, www.elpais.com (adaptación)

- Que é o Savant?
- Cal é o obxectivo das probas que se levan a cabo con el?
- Que organismo impulsa esas probas?

2 Marca a sección do xornal en que se publicaría a reportaxe anterior. Xustifica a opción elixida. (1)

- Cultura Economía Tecnoloxía Opinión Internacional
-
-

VOCABULARIO**3** Localiza no texto as palabras patrimoniais que proceden destes termos latinos. (1)

- PLUVIA >
- REGIONE >

► Explica por que esas palabras que localizaches son termos patrimoniais e non cultismos.

.....

- 4** Explica coas túas palabras o que queren dicir os fragmentos destacados destas oracións. (1,5)
- O Savant voa *de forma autónoma*. →
 - As probas *non están libres de polémica*. →

ORTOGRAFÍA

- 5** Corrixe a seguinte secuencia colocando os acentos gráficos que faltan. (1)

Ata agora, a «semente de nubes» podíase levar a cabo desde a terra, disparando canons antiaereos ou lanzadores de foguetes. Tamen se podía facer desde o aire, con avions convencionais.

GRAMÁTICA

- 6** Indica que oración é impersonal, cal ten un suxeito léxico e cal ten un suxeito gramatical. (1,5)

- Cos drons, pretenden aumentar as reservas de auga en Nevada. →
- No estado de Nevada chove moi pouco. →
- O equipo ten autorización para levar os drons ata os 400 m de altura. →

LINGUA E SOCIEDADE

- 7** Explica a diferenza entre lingua minoritaria e lingua minorizada. (1)

.....

- 8** Indica cales son as linguas que gozan de recoñecemento oficial no Estado español. (1)

.....

LITERATURA

- 9** Fíxate nos personaxes que aparecen nestas narracións e indica a que tipo de novela pertence cada fragmento. (1)

A

Gorbo era un snerg moi coñecido. Era de estatura media e bastante novo –tería uns douscentos cincuenta anos– e, aínda que terriblemente bondadoso, tiña pouca intelixencia aproveitábel.

E. A. WYKE-SMITH,
O marabilloso país dos snergs
 (adaptación)

B

Esquecíame contarvos isto. Botáronme de Pencey. Supúñase que xa non volvería despois do Nadal, pois cargara catro materias e non me aplicaba nada de nada. Dábanme frecuentes avisos para que empezase a aplicarme, pero eu pasaba. Así que me deron a patada.

A semana anterior alguén roubara do meu cuarto. Pencey estaba cheo de ladróns. Moitos tíos viñan de familias con pasta, pero era igual, estaba cheo de mangantes. Canto máis cara é unha escola, máis mangantes hai. E non estou de broma.

J. D. SALINGER, *O vixía no centeo* (adaptación)

- De misterio. Realista. Fastástica.